



Actividades previstas pola asociación Goethe para o curso 2017-18

- 1- Conversa con persoas nativas (Erasmus e lectores) das diferentes linguas que se estudan nesta EOI.
- 2- A “Actividade do mes”, trátase de diferentes actividades que iremos programando co paso dos meses relacionadas coa cultura, reciclaxe, gastronomía, etc.
- 3- Convenio de colaboración cun colexio da zona (Masdías), onde algúns socios participan con actividades lúdicas en inglés cos alumnos dos diferentes niveis.
- 4- Clases de apoio en español para os nosos colaboradores extranxeiros.
- 5- Axuda á integración de inmigrantes a través da lingua española, gracias a un convenio de colaboración asinado con Cáritas Diocesanas de Mondoñedo-Ferrol.
- 6- Calquera outra actividade cultural relacionada coas linguas que os socios propoñan e que sexa posible levar a cabo.
- 7- “Halloween”- xornada durante a cal faremos diferentes actividades relacionadas con esa tradicional festa típica americana.
- 8- “Andaina a Chamorro”, trátase de pasar o luns de Pascua con tódolos socios facendo algo de exercicio aproveitando esta festividade. Subiremos todos andando ata a ermida de Chamorro, comeremos alí e baixaremos de novo.